

Memoria

Lugo, epicentro da Literatura Galega de Tradición Oral

Antonio Reigosa

I.-LUGO, EPICENTRO DA LITERATURA GALEGA DE TRADICIÓN ORAL

A cidade de Lugo e a provincia da que é capital, territorio pertencente á Comunidade Autónoma de Galiza, viron incrementadas notablemente nas décadas precedentes as actividades culturais en xeral e moi especialmente as relacionadas coa literatura oral.

Trátase de actividades de periodicidade regular e moi diversificadas, que atenden dunha maneira global aspectos como a formación, divulgación, representación e implicación social, que se van consolidando ano tras ano co obxectivo de converterse en permanentes e así contribuír, como un valioso elemento dinamizador, ao desenvolvemento sostible da cidade e o da súa área de influencia, o que significa, na práctica, toda a provincia de Lugo.

Esta vitalidade arredor da literatura oral, enfocada a converter Lugo en “Capital galega da Literatura de Tradición Oral”, é consecuencia da combinación de factores complementarios como a creatividade do tecido social e a determinación das institucións políticas locais en beneficio da comunidade local e da súa conexión co resto do mundo.

Determinante pois a implicación das principais institucións responsables da política cultural, tanto desde a local, área de Cultura do Concello de Lugo, como a provincial, vicepresidencia e área de Cultura da Deputación de Lugo. Ambas administracións públicas, amais de exercer o necesario liderado dedican recursos regulares que permiten desenvolver con plena satisfacción os diferentes programas en marcha.

A este compromiso institucional imprescindible súmanse iniciativas como as que desde hai arredor de 17 anos vén promovendo, tanto na cidade como na provincia de Lugo, desde a súa Sección de Literatura de Tradición Oral a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

Converxen, por tanto, unhas condicións óptimas para ir asentando un presente e un futuro no que a literatura oral pode ir contribuíndo, paseniñamente, ao desenvolvemento social, económico e cultural tanto da cidade como da provincia.

Polo volume das actividades programadas e pola calidade e intensidade das mesmas non resulta esaxerado afirmar que na actualidade Lugo (cidade e provincia) son, na práctica, o auténtico epicentro da Literatura Galega de Tradición Oral.

I.1.-A que chamamos 'literatura oral'

Para simplificar, entendemos por 'literatura oral' aquelas creacións ou expresións orais de carácter literario que se alicerzan na memoria colectiva e que se transmiten preferentemente por medio da voz e doutros elementos complementarios como a xestualidade.

A orixe destes textos pode ser oral ou escrita aínda que, coa finalidade de estudalos e difundilos, poden ser transcritos e transformados en textos escritos, amais de arquivados para o seu estudo e favorecer o coñecemento das xeracións futuras.

Estes textos literarios orais reflicten símbolos e valores que definen unha cultura; a nosa, neste caso. No seu conxunto, estes textos literarios orais constitúen a esencia identitaria da nosa cultura como propia dun grupo humano determinado que se manifesta nun espazo ou ámbito xeográfico concreto. O termo “literatura”, aínda que pareza paradoxal e se exprese intermitentemente por medios escritos ou orais, deriva de “littera” / “letra”. O “oral” confírenlle unha primixenia orixe anterior á invención e á intervención da escritura na súa transmisión e conservación. Por tanto, cando dicimos “literatura oral” referímonos a textos cuxo soporte nas súas manifestacións primixenias foi oral e o medio ou forma que prevalece na súa transmisión tamén é o oral.

Ás veces úsanse como sinónimos, cun aparente idéntico significado, conceptos como “literatura oral popular” ou “literatura oral tradicional” polo que convén advertir que “popular” fai referencia ao pobo que se apropia e fai seu un conto, lenda, canción ou calquera outro texto oral, coñézase ou non a autoría. “Tradicional” fai referencia a que ese texto oral se repite ou transmite, preferentemente de forma oral, xeración tras xeración, coa conseguíntes alteracións, consecuencia de verse sometida esa transmisión aos cambios ideolóxicos e históricos, variantes e versións que irán moldeando esa cultura ao longo do tempo en función das circunstancias históricas.

I.2.-Principais xéneros da literatura oral

Entre os xéneros narrativos distinguimos preferentemente mitos, lendas e contos. Debemos engadir, aínda que non se consideren propiamente manifestacións literarias, as narracións, sucedidos ou historias que recrean o pasado dunha comunidade.

Dentro dos xéneros líricos atopamos a poesía oral conformada por romances, cancións, coplas, cantigas,... que se subdividen nun vasto campo de denominacións, atendendo a unha enorme variedade de formas, tipos e temáticas. Segundo os diferentes especialistas, poderían encadrarse ou non neste espazo os refráns, adiviñas e oracións.

Mais establecer uns criterios que permitan distinguir os diferentes xéneros de literatura oral resulta complicado, amais de confuso, polo que remitimos ás reflexións expresadas por teóricos máis perspicaces ca nós (Acuña /Garrosa 2017: pp. 145-148).

II.-LUGO E A LITERATURA ORAL: BREVE HISTORIA

Esa efervescencia de actividades arredor da literatura oral a que aludíamos nas liñas introdutorias, tanto na cidade capital como en toda a provincia, non é casual. Precédea unha historia, un pasado, que tentaremos resumir de seguido e un amplo mostrario de iniciativas, publicacións e proxectos que, sobre todo, nos decenios finais do século XX e nos primeiros do XXI tiveron e teñen Lugo como epicentro ou punto de máxima concentración.

Se nos remontamos ao século XIX debemos comezar por citar a indiscutible influencia que tivo en todo isto o maxisterio daqueles investigadores, literatos e historiadores considerados precursores no estudo da cultura popular galega como Frei Martín Sarmiento, Xosé Cornide e o Padre Sobreira ou a pegada dos intelectuais do chamado Rexurdimento como Manuel Murguía, Rosalía de Castro, José Pérez Ballesteros, Emilia Pardo Bazán, fundadora e presidenta da Sociedad de Folklore Gallego (1883 -1895), Eduardo Pondal, Juan Antonio Saco e Arce, Antonio de la Iglesia e Valentín Lamas Carbajal... Sobre o pouso intelectual que deixaron tras de si estes e outros próceres fóronse asentando os alicerces que espertaron as inquedanzas por coñecer o noso pasado en xeral, e o da nosa literatura oral, popular ou tradicional, en particular.

II.1.-Os anos finais do século XIX

Como consecuencia do quefacer destes nomes fundacionais e dos seus esforzos foron aparecendo xornais, revistas e outras publicacións que ao tempo que incorporaban a lingua propia do país ás páxinas impresas, ían tamén, progresivamente, dando cabida a un mostrario cada vez máis numeroso de mitos, lendas, contos, ditos, refráns, romances e outras moitas manifestacións da creatividade da musa popular.

Xunto coa lingua, a literatura oral ocupa nas páxinas destas publicacións un lugar preferente, obviamente por considerárense os xéneros literarios orais símbolos identitarios da nosa cultura.

En O Tío Marcos d'a Portela, primeiro xornal escrito integramente en galego que ve a luz en Ourense en 1876 e que desaparece cando se imprimía en Lugo en 1888, tiña unha grande presenza a literatura oral como a tivo noutros moitos destes impresos que se foron editando por Galiza adiante, xeralmente de efémera existencia pero de enorme importancia para que fose levedando unha idiosincrasia de noso.

En Lugo comeza a publicarse en 1889, baixo a dirección de Amador Montenegro Saavedra e Manuel Pardo Becerra, A Monteira, un semanario de similares características aos citados anteriormente. Nos sucesivos números deste xornal, que desapareceu a finais de 1890, fóronse publicando contos, cantares e refráns recompilados en diversos lugares da provincia de Lugo, amais doutros textos con temas de interese etnográfico.

Neste xornal colaborou, desde postulados críticos baseados en principios científicos, o médico, escritor e ensaísta lucense Xesús Rodríguez López (Lugo, 1859 - 1917), autor dunha famosa e controvertida obra, *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares* (1885), un compendio de ritos, crenzas, costumes e prácticas máxico-relixiosas de enorme interese, autor que tamén nos deixou mostras dalgunhas lendas populares en *Gallegadas con alegrías de la tierra en verso y prosa* (1908).

Alén do espazo xeográfico lugués, no campo do cancionero debemos sinalar tamén os nomes de dous folcloristas pioneiros no eido musical como Casto Sampedro Folgar e Víctor Said Amesto, quen realizaron traballos de campo por toda Galiza entre finais do século XIX e primeiros do XX aínda que o *Cancioneiro musical de Galicia* de Casto Sampedro non se publicaría, por intermedio de Xosé Filgueira Valverde, até 1942.

II.2.-Desde principios do s. XX até 1936

O século XX iníciase en Lugo e en toda Galiza no que se refire á literatura oral coas positivas inercias xeradas nas décadas finais do XIX. En 1905 constitúese a Real Academia Galega, en 1916 as Irmandades da Fala e en 1920 comeza a publicarse Nós, o “Boletín mensual da cultura galega” que se vai manter até 1936. Nesta revista, referente fundamental para a cultura galega do primeiro terzo do século XX, e moi especialmente, aínda que non exclusivamente, na súa sección denominada “Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza” (1920-1935) déronse a coñecer numerosas achegas de literatura oral, varias delas rexistradas na provincia de Lugo.

En 1923 nace o Seminario de Estudos Galegos, fundado polos mesmos intelectuais que forxaron a revista Nós, co obxectivo de estudar e investigar o patrimonio cultural galego. Nas súas publicacións, fundamentais para coñecer o noso pasado en numerosos ámbitos, guiadas por criterios científicos, participaron especialistas en mitoloxía como Vicente Risco,

etnógrafos como Fermín Bouza Brey, Xaquín Lorenzo, Francisco Lanza, Álvaro de las Casas, Armando Cotarelo ou Xosé Ramón e Fernández-Oxea (Ben-Cho-Sey), que publicaron varias monografías pero ningunha, desgraciadamente, dedicada á provincia de Lugo.

Os da década dos 20 e a dos 30, até o nefasto 18 de xullo de 1936, foron anos esperanzados para a nosa lingua e para a nosa cultura, inquedanzas estas cada vez máis presentes na vida das galegas e galegos daquel entón. Nacían institucións, centros de investigación e publicacións que grazas ao esforzo dos ilustres persoeiros que conformaron a chamada Xeración Nós poñían Galiza no mapa do mundo como nunca antes sucedera. Daquela aínda non se usaba o termo “patrimonio inmaterial” pero tanto o galego, que revivía como lingua de coñecemento, como o interese crecente pola mitoloxía popular, polas lendas, contos, crenzas, festas e romaxes así como pola literatura oral, aumentou de maneira exponencial. Pero este período florecente rematou abruptamente en 1936. Un golpe de estado abriu paso a un réxime represor que castrou de raíz toda manifestación cultural expresada en galego ou emanada das súas singularidades históricas, lingüísticas e culturais.

Este período tamén foi moi fecundo no tocante á literatura oral, especialmente na provincia de Lugo. Hai que mencionar aquí ilustres devanceiros que sobresaíron neste campo como os mindonienses Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela ou Eduardo Lence-Santar e Guitián. Tamén fixeron meritorias achegas a este campo Anibal Otero, Alejo Hernández, Xesús Bal y Gay e, entre outros, Ramón Castro.

Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854 - 1912), médico, poeta, lexicógrafo, recolleu numerosos refráns, amais de ditos, cantares e uns poucos contos que foi publicando en diferentes medios, entre eles a revista Galicia e o Boletín da Real Academia Galega. Tamén colaborou coa Sección de Ciencias Morales y Políticas do Ateneo de Madrid como informador antropolóxico (González Reboledo 2014: pp. 139-163).

Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869 - Viveiro, 1947) preocupouse polas adiviñas, que publicou en numerosos medios, polas cantigas en *A Virxen y-a paisanaxe (100 cantigas populares)* (1914) e en, como ben indica o longo subtítulo desta obra, *Como falan os brañegos. Locucións, frases, modos adverbíais, unha leria pr'os rapaciños, refráns, cantares i-adiviñanzas* (1928) doutras moitas cuestións colectadas por el cando exercía de mestre, neste caso, nas terras do concello de Abadín.

Eduardo Lence-Santar e Guitián (Mondoñedo, 1876- 1960), historiador e cronista, dedicou boa parte do seu quefacer a recompilar literatura oral nas comarcas de Santiago e nas lucenses de Sarria e Mondoñedo. Compilou adiviñas que enviou á Real Academia Galega

en 1906, cantos, oracións, romances, contos e lendas..., que foi publicando nas décadas dos 20 e 30 do século XX en xornais como El Compostelano, Vallibria, semanario mindoniense, e na década seguinte en Mondoñedo, xornal de publicación esporádico editado por el mesmo. Os traballos etnográficos publicados por Lence entre 1926 e 1941 en El Compostelano foron exhumados por Armando Requeixo e publicados por Follas Novas no ano 2000 (Lence 2000).

O crego lucense Ramón Castro López (Lugo, 1871 – 1949) foi párroco da parroquia de Vilar de Ortelle, concello de Pantón, durante moitos anos e froito daquela estadía deixounos un documento de grande interese por varios motivos pero especialmente polas lendas que transcribe daquela comarca no libro *Reseña histórico descriptiva de la parroquia de Vilar de Ortelle y su comarca*, publicado en 1929 e reeditado pola Deputación de Lugo en 2000. Tamén debemos mencionar aquí a Alejo Hernández, un avogado salmantino que recolleu romances entre 1924 e 1925 no norte das provincias de Lugo e da Coruña, unha “pequena colección de unos 76 textos”, pero que constitúe, segundo J. L. Forneiro, (Forneiro 2017: p. 108) unha achega de notable interese por ser das poucas que conservamos como “muestra del romancero urbano gallego”.

Xesús Bal y Gay (Lugo, 1905- Madrid, 1993), musicólogo lucense, quen, xunto ao tamén musicólogo e investigador asturiano Eduardo Martínez Torner, reuniron coleccións, sobre todo de romances, que baixo o título de *Cancionero gallego* non se chegaron a publicar até 1974 (obra reeditada pola Fundación Barrié en 2007).

Anibal Otero (Riberia de Piquín (Lugo) 1911- 1974), discípulo de Ramón Menéndez Pidal e Tomás Navarro Tomás, iniciase como colaborador do Centro de Estudios Históricos de Madrid en 1931 e en 1936, cando traballaba ao norte de Portugal no ALPI (Atlas Lingüístico de la Península Ibérica), foi detido pola policía portuguesa e posteriormente preso en cárceres españolas até 1942. Algúns dos romances que recolleu en toda Galicia, entre eles un número considerable na provincia de Lugo (Riberia de Piquín, Meira, Negueira de Muñiz, A Fonsagrada, Pol, Castroverde...) en traballos de campo realizados desde o 1929 en adiante xa foron publicados por el mesmo ou por outros investigadores (Requeixo 1996) pero outros, a inmensa maioría, consérvanse no Arquivo do Seminario Menéndez Pidal.

II.3.-Desde 1936 até 1950

Tras o golpe militar de 1936 todo se torna escuro. A ditadura persegue todos os usos da lingua, incluídos os orais, enmudecen os intelectuais que non se viron obrigados a exilarse e o pobo padece o confinamento das súas manifestacións culturais

Porén, a semente sempre frutifica. Do maxisterio que sementara a chamada Xeración Nós e do despertar que contribúe a activar a creación da Editorial Galaxia en 1950 xurde a publicación de *Antífona da cantiga* de Ramón Cabanillas, ou de traballos da valía dos que realiza o mestre Laureano Prieto, autor de monografías sobre contos e costumes que, unha mágoa para o noso particular e localista interese, foron compilados exclusivamente na provincia de Ourense como *Contos vianeses* (Prieto, 1958), *Cuentos de animales* (Prieto 1948) ou *Contos de cegos* (Prieto 1978).

Outro fito importante supúxoo a publicación por Nós en Bos Aires en 1962 dos dous primeiros volumes (o terceiro publicaríase en 1972) da *Historia de Galiza* dirixida por Ramón Otero Pedrayo. O capítulo “Etnografía: Cultura espiritual” a cargo de Vicente Risco supuxo o primeiro intento de sintetizar e sistematizar a nosa cultura popular en campos pouco ou escasamente coñecidos até aquel entón como a mitoloxía popular, a relixión, as supersticións, os costumes das idades da vida, as festas do ano, as artes plásticas populares, a música e a danza ou, por suposto, a literatura oral, campos de saber tradicional que foron tratadas nestes tomos con gran coñecemento e primoroso rigor.

II.4.-Aire fresco: os contos populares da provincia de Lugo

Alimentándose dese mesmo xerme e seguindo a metodoloxía de estudo aplicada por Laureano Prieto vai abrollar un proxecto singular para o estudo dos contos de tradición oral, centrado esta vez exclusivamente na provincia de Lugo e que acabaría publicándose en libro en 1963 baixo o título *Contos populares da provincia de Lugo* (Contos 1963).

A idea deste proxecto nace nun colexio privado da cidade de Lugo, o Centro de Estudios Fingoy, propiedade de Antonio Fernández López 'Antón de Marcos' e entón baixo a dirección do profesor, escritor e filólogo, Ricardo Carballo Calero. O obxectivo do proxecto era chamar a atención do alumnado dos centros escolares dunha ampla zona da provincia de Lugo sobre a lingua de seu e a literatura oral, parte substancial da súa tradición cultural. Durante varios cursos académicos a partir de 1950 realízanse campañas de recollida por parte do alumnado e profesorado de distintas escolas da provincia de Lugo (Becerreá, Sarria, Begonte, Guitiriz, O Corgo, Quiroga, Castroverde, O Saviñao, Outeiro de Rei, Navia de Suarna, Guntín, Pedrafita do Cebreiro...) baixo a coordinación do profesor Avelino Pousa Antelo, docente na Escola da Granxa de Barreiros, en Sarria, dependente do colexio Fingoy de Lugo. Como alumnos e incluso como mestres participaron neste proxecto nomes tan recoñecidos no devir da cultura galega, amais de R. Carballo Calero, como Bernardino Graña, Antón Santamarina ou Valentín Arias.

A metodoloxía consistía basicamente en que o alumnado de cada centro interrogase a familiares e veciñanza sobre contos e lendas tradicionais. A seguir, o alumnado trasladaba ao mestre ou mestra da súa escola os textos resultantes das pesquisas, quen, unha vez revisados, remitían as correspondentes copias ao centro promotor.

A Editorial Galaxia publicou en 1963 un volume contendo 300 textos dos que 18 corresponden a lendas e 282 a contos (incluídas variantes de moitos deles). Un valioso apéndice denominado “Táboa de aboantes” deixa constancia tanto do curso académico en que se recolleron como da localización da escola correspondente, xunto cos nomes do alumnado e profesorado compilador. Esta información que se publicou na edición de 1963, xunto coas variantes de moitos dos contos, desapareceu, lamentablemente, na reedición que a mesma editora publicou en 1972.

II.5.-As obras dos irmáns Carré

A finais da década dos 60 publícanse dous libros transcendentais para a recuperación da literatura oral galega, aínda que ambos tivesen que ver a luz en Porto, Portugal.

Por unha parte, en 1968 édítanse os *Contos populares da Galiza* (Carré 1968) de Lois Carré Alvarellos (A Coruña 1898 - 1965), editado en Porto polo Museu de Etnografía e História. Este mesmo autor xa publicara en 1959 o *Romanceiro popular galego de tradición oral* (Carré 1959), de escaso ou nulo rigor científico, tamén na cidade de Porto.

En 1969, na mesma cidade e a cargo da mesma editora, o seu irmán Leandro Carré Alvarellos (A Coruña 1888 – 1979) publicou un tomo de lendas baixo o título *As lendas tradizónaes galegas* que aparecería en castelán o ano 1977. Todas estas obras, especialmente as dedicadas ás lendas, amosan unha boa mostra de textos recompilados en distintas localizacións da provincia de Lugo.

II.6.-Tras a morte do ditador

A partir da desaparición do ditador Franco en 1975, coa recuperación da democracia o interese pola nosa cultura popular e pola literatura oral acrecéntase. Edítanse ou reedítanse obras clave, cuxos traballos de campo, en varios dos casos, xa foran realizados moito anos antes. É o caso da obra de J. Antonio Saco y Arce *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos. Recogidos por D. José Antonio Saco y Arce*. edición de Juan Luis Saco Cid (Saco 1978), tamén ve a luz o *Cancionero popular gallego* (1979) de José Pérez Ballesteros.

Aos poucos vanse publicando novos traballos en diferentes soportes, artigos en revistas e monografías das que cabe resaltar, no que se refire á provincia de Lugo, a *Escolma de Carballedo* (Rielo 1976) de Nicanor Rielo Carballo.

II.7.-Os contos do Cebreiro de Martine Roux

A armoricá, Martine Roux, profesora en Nantes e Angers, chegou a Compostela a finais da década dos 70 do século XX para estudar galego. Interesouse pola obra de Cunqueiro e polos contos tradicionais polo que, orientada polo propio Cunqueiro e por medio do cura do Cebreiro, Elías Valiña, coñeceu un fistor excepcional chamado Enrique Valle Valle, de Barxamaior. Co resultado daquel encontro elaborou a súa tese doutoral e publicou 25 contos en *Fala o fistor e faise o día* (Roux 1982), obra de grande importancia para a historia da nosa literatura oral.

II.8.-O cancioneiro de Dorothé Shubarth

A musicóloga suíza (Basilea 1944-2023), comezou os seus estudos na cidade natal e ampliounos en Colonia e Múnic. A partir de 1971 ocupou a cátedra de harmonía e contrapunto na Academia de Música de Lucerna (Suíza) e comezou a desenvolver investigacións arredor das músicas populares europeas. Realizou traballos de campo nos Balcáns, no Cáucaso, Alemaña e Francia, cuxo resultado publica en 1978 en Lucerna no libro *Das Volkslied in Europa. Vielfalt seiner Erscheinungsformen* (O canto popular en Europa. Diversidade das súas formas).

En 1978 visita Galiza para coñecer a nosa música popular mais o interese polo que aquí descobre fai que se dispoña a realizar un traballo de campo intensivo por todo o país que remata coa publicación dunha magna obra en sete volumes que contén a mellor e máis ampla análise, clasificación e estudo da nosa lírica popular que se publicou pola Fundación Barrié en 1984 baixo o título *Cancioneiro Popular Galego*. Entre o material publicado abundan os romances, cancións e incluso contos, nalgúns casos aínda inéditos.

Percorreu e gravou en moitos lugares de Galiza, entre eles nestes concellos da provincia de Lugo: Carballedo, O Corgo, A Fonsagrada, Palas de Rei, Paradela, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, O Vicedo, Viveiro e Xove.

Consérvanse copias dixitalizadas das súas gravacións orixinais coas correspondentes transcricións a cargo do profesor e filólogo Antón Santamarina no Arquivo Sonoro de Galicia e no Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI).

Entre os merecidos recoñecementos que se lle fixeron en Galiza están o I Día das Galegas nas Letras en 2014, Premio Honorífico 2017 da Asociación de Músicos ao Vivo, Patroa

de Honra do Museo do Pobo Galego e Mestra de Memoria concedido pola AELG en 2019. Tamén viron a luz nesta década un Cancionero da Terra Chá (Pol) (Rielo 1980), dous tomos en castelán da autoría do xornalista monfortino Pedro de Frutos sobre lendas galegas (Frutos 1981), os contos populares da colección Biblioteca Básica editados por Galaxia (Harguindeguy 1983), un valioso libro dedicado ás adiviñas (Martín 1985) da autoría do escritor e mestre lucense, Paco Martín e unha achega máis de Nicarnor Rielo sobre cancións (Rielo 1989).

II.9.-A década dos 90 do século XX

Na década dos 90 van eclosionar varias novidades de interese no campo da literatura oral galega, en xeral, e na lucense en particular. Por unha parte, o Equipo Chaira, comeza en 1992 os seus traballos de inventario de literatura de tradición oral en diversos concellos da provincia de Lugo, de cuxo froito, como veremos, se beneficiarán outras obras publicadas nos anos posteriores.

O antropólogo e profesor, Xerardo Pereiro Pérez, publica unha monografía de moito interese sobre as narracións orais do Concello de Palas de Rei (Pereiro 1995). Mini (Xosé Luís Rivas) e Mero (Baldomero Iglesias) publican varias obras de mérito sobre contos (Rivas 1995), lendas (Rivas 1996) e coplas, cantares e romances de cego (Rivas 1999). X. Pisón, M. Lourenzo e I. Ferreira dan ao prelo outra obra de referencia no que respecta ao xénero dos contos tradicionais (Pisón 1998). Nesta mesma década Julio Camarena e Maxime Chevalier publican os dous primeiros tomos da magna obra “Catálogo tipológico del cuento folklórico español”, o correspondente aos contos maravillosos (Camarena 1995) e aos de animais (Camarena 1997), ambos, xunto cos que se publicarían anos despois por outros investigadores tras o pasamento destes, guieiros indispensables para comezar a organizar o material contístico galego con criterios científicos.

Polo demais, nesta década emerxe un novo oficio, o das contadoras e contadores de vellas e novas historias que expanden os seus espectáculos polo país adiante para toda clase de públicos. E cara o finál de década aparecen, aínda que nunha tímida fase inicial, blogs e webs, produto da progresiva universalización das novas tecnoloxías, o que multiplica tanto a publicación como a difusión da oralidade nestes novos soportes. De repente, ao que semellaban ser os derradeiros estertores da transmisión oral como soporte de saberes e leceres, acódelle en auxilio a rede de redes, internet.

Tamén son referenciais outras obras que viron a luz nestes anos como a antoloxía das lendas galegas orais (González 1995) a cargo do profesor lucense Xosé Manuel González Reboledo e a historia da literatura oral galega da autoría de Domingo Blanco (Blanco 1994),

II.10.-O Equipo Chaira

O grupo de investigación etnográfica Equipo Chaira naceu en Lugo en 1992, conformado por persoas que naquel entón traballaban no Museo Provincial de Lugo. Comezou a súa andaina recompilatoria aquel mesmo ano. Os integrantes eran Mercedes Salvador Castañer, Ofelia Carnero Vázquez, Xoán R. Cuba e Antonio Reigosa, quen, ao abeiro dunha convocatoria de axudas para realizar traballos de campo por parte da Xunta de Galiza propuxéronse realizar un inventario exhaustivo da literatura de tradición oral dos concellos da comarca natural da Terra Chá. Nas primeiras campañas que se prolongan desde 1992 a 1995 os integrantes deste colectivo percorreron os concellos de Abadín, Begonte e Vilalba. Unha parte destas recolleitas publicouse baixo o título *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* en 2004.

Nos anos seguintes tamén realizaron traballos de campo noutros lugares da provincia de Lugo como un inventario exhaustivo do concello da Pontenova entre 1996 e 1998, en lugares do concello da Fonsagrada (Carnero 2002: pp. 137-176) e en Esmeriz, concello de Chantada. O resultado do recompilado no concello da Pontenova editouse en 1998 co título *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* e reeditouse en 2004 (Carnero 1998).

II.11.-A hora dos e das 'contacontos'

Durante a década dos 90 do século XX, cando xa case se daba por desaparecido o costume de contar contos e historias no ámbito familiar ou entre a veciñanza, apareceron en escena as narradoras e narradores orais. Persoas, moitas delas procedentes do mundo do teatro, que se decataron da necesidade de levar a súa paixón por contar historias a lugares como colexios e bibliotecas. En principio, dedicáronse a entreter público infantil, mais axiña se comezaron a programar tamén sesións de contacontos para adultos en tabernas, bares, e, en xeral, lugares de ocio e encontro social.

Os pioneiros, a nivel galego, foron Quico Cadaval, Cándido Pazó e Paula Carballeira pero a estes fóronse sumando outros e outras, mesmo constituíndose en colectivo formal e comezaron a celebrase encontros e certames de narración oral por todo o país.

No ámbito da provincia de Lugo destacan os nomes de Ana Carreira, José Campanari, un arxentino afincado na cidade de Lugo, Anxo Moure, Caxoto, Fátima Fernández, Lois Pérez e Ángeles Goás.

En 2013 Soledad Felloza crea o Festival Atlántica, un ambicioso proxecto que programa actividades de narración oral para todos os públicos polas cidades e vilas de Galiza e no que participan, ano tras ano, narradoras e narradores, amais de galegos, de moi variadas

procedencias. En algunhas edicións, este festival celebrou en Lugo cidade e en varios puntos da provincia (Viveiro, A Fonsagrada, Guitiriz, Monforte de Lemos...) varias das súas actividades.

II.12.-Finais do século XX e principios do XXI

Moito do material recompilado polo Equipo Chaira entre os anos 1992 e 2000 serviu de base para a elaboración de obras de grande interese para coñecermos a nosa mitoloxía popular, o lendario ou o patrimonio contístico tradicional de Galiza en cuxa autoría participaron os membros do Equipo Chaira, Xoán R. Cuba e Antonio Reigosa aos que sumou o escritor, tamén lugués, Xosé Miranda.

Evidentemente, non foron só os materiais recollidos na provincia de Lugo os que se tiveron en conta á hora de elaborar estas obras de referencia pero si achegaron documentación fresca, desde ámbitos xeográficos lucenses, ao *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), aos 20 tomos da colección de contos Cabalo buligán (1998-2004) –amais das recreacións, cada conto leva un apartado de notas con ampla bibliografía e correspondencias tipolóxicas–, e especialmente ao monográfico, obra pioneira e singular, denominado *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral* (2001).

A estas obras hai que engadir, pola súa grande importancia na panorama da literatura oral galega, o *Romanceiro Xeral de Galicia I* (Valenciano 1998) e a *Guía da Galiza máxica* de V. Vaqueiro (1998).

En 2003 publícanse dous tomos máis do *Catálogo tipolóxico del cuento folklórico español*, a cargo dos mesmos autores dos dous primeiros, Julio Camarena e Maxime Chevalier, os dedicados a contos relixiosos (Camarena 2003a) e aos contos-novela (Camarena 2003b). Ao ano seguinte édítase o catálogo de contos internacional, revisado e ampliado, por Hans-Jörg Uther (Uther 2004), obra esta fundamental como modelo para organizar e sistematizar o conto galego folclórico ou de tradición oral.

En 2010 apareceu o noso propio catálogo tipolóxico do conto oral, da autoría da profesora Camiño Noia Campos (Noia 2010). Como é obvio, esta obra, que é un catálogo pero tamén serve como antoloxía do conto oral galego, resulta de imprescindible consulta para quen se interese por este xénero oral, amais de ofrecernos unha mostra abondosa de versións e variantes de contos rexistrados na provincia de Lugo.

Así mesmo, viron a luz en libro nesta década unha recompilación de contos e lendas de Foz (Basanta 2004), ou, entre outras, outra da Ribeira Sacra (Estraloxos 2005).

En 2010 a Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales puxo en marcha o proxecto “La memoria de los cuentos. Los últimos narradores orales”. De Galicia foi escollido Ángel

Rivas Veiga (Mestre da Memoria da AELG 2013) quen se converteu así no único narrador oral galego entre os oito seleccionados por todo o estado español. O proxecto quedou rexistrado nun libro (Rodríguez 2010) e nun documental dirixido polo escritor e experto en literatura oral, Antonio Rodríguez Almodóvar.

II.13.-Canda internet chega unha nova oralidade

O novo século trae canda si un avance tecnolóxico que vai resultar clave para a supervivencia da literatura oral. Canda o novo século chega aos domicilios, ás aulas e aos centros culturais a rede informática de ámbito mundial que coñecemos como internet. E con internet a posibilidade real de publicar e acceder en rede a arquivos e documentos orais, tanto en formato texto, como audio e vídeo. Ábrese a posibilidade de consultar arquivos desde calquera lugar do mundo, de conectar e difundir desde Galiza ou desde onde haxa interese pola cultura oral galega

Neste contexto nace en 2005, por iniciativa privada, a web Galicia Encantada. Enciclopedia da fantasía popular de Galiza e o Museo do Pobo Galego crea en 2007 o APOI (Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade).

A AELG, consciente da oportunidade que ofrece esta rede de redes, tras crear a sección de literatura de tradición oral, pon en marcha nese mesmo ano 2007 unha serie de proxectos que teñen como finalidade, máis alá doutros obxectivos básicos, poñer a circular polo ancho mundo a través de internet a nosa cultura tradicional viva e actual.

Xa non se trata só de arquivar ou traballar con material oral arquelóxico senón de promover a súa recreación para rexistralo, estudalo e, sobre todo, difundilo coa máxima eficacia posible.

II.14.-O máis recente

O catálogo tipolóxico do conto folclórico hispánico complementouse con dous novos tomos. O correspondente aos "cuentos del ogro tonto" (Camarena 2022) e "cuentos de tontos" (Agúndez 2023), ambos, como os tomos anteriores, de imprescindible consulta para situar tipoloxicamente no contexto internacional os contos da área lingüística do galego. Outra boa nova supúxo a publicación da versión en inglés (prescindese aquí das mostras de exemplo) do catálogo tipolóxico do conto galego (Noia 2021).

A estas obras de referencia podemos engadir outras de menor transcendencia pero que contribúen a ir coñecendo cada vez mellor a nosa literatura oral, neste caso da provincia de Lugo, como o lendario referido ás pedras nos concellos orientais da provincia de Lugo (Moure 2021), un volume dedicado a unha antoloxía das lendas dos quince concellos que se integran nas tres comarcas da Mariña de Lugo (Reigosa 2020) e unha antoloxía que

abrange unha mostra das lendas de todos os concellos da provincia de Lugo (Reigosa 2023).

III.-A SECCIÓN DE LITERATURA ORAL DA AELG

A sección de literatura de tradición oral da AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega) creouse en 2007 co obxectivo de deseñar e promover o desenvolvemento de actividades arredor da literatura de tradición oral. Desde a súa creación e até 2018 os responsables foron Antonio Reigosa Carreiras, vogal de Literatura de Tradición Oral, e Isidro Novo, vogal en representación de Lugo no Consello Directivo da AELG. En 2018 incorporouse ao equipo, Lois Pérez, vogal por Lugo e responsable da sección desde 2023. Paseniño foron pódose en marcha os seguintes proxectos:

- Xornadas de Literatura de Tradición Oral (16 edicións desde 2008 a 2023). Sede: Lugo.
- Polafías (desde 2007 a 2023: 40 sesións. Sede: Toda Galiza, das que 18 tiveron lugar en distintas localizacións da provincia de Lugo.
- Escola de Narración Oral , con sede en Lugo (desde 2012 a 2016)
- Premios Mestras e Mestres da Memoria (desde 2013 até a actualidade: 11 edicións e 22 persoas premiadas, das que 8 foron Mestras, 10 Mestres e 4 Mestras e Mestres de colectivos). Sede das galas de entrega: Lugo.
- Letra das Festas. A revista oral do San Froilán (14 edicións, desde 2011 a 2023). Sede: Lugo.
- Faladoiros (3 edicións, desde 2021 a 2023).Sede: Lugo.

Publicacións (libros editados pola AELG)

Actas:

Dezaseis libros de actas editados pola AELG que se corresponden coas 16 Xornadas de Literatura Oral (2008-2023). Desde 2008 a 2020 cada exemplar impreso complementouse cun DVD resumo da xornada correspondente. Ademais, todas as edicións dispoñen dunha videoteca coas gravacións das intervencións e correspondentes mesas de debate.

Unidades Didácticas (para o profesorado e alumnado de ESO).

- A literatura popular nas Polafías*, elaborada por Xosé Manuel Varela Varela.
- Patrimonio vivo: Mestras e Mestres da Memoria*, elaborada por Antonio Reigosa.

Outras publicacións:

- Mestras e Mestres da Memoria 2013-2018. Tesouros Humanos Vivos* (AELG, 2018).

-*Memorias do San Froilán (2013)*: (Isidro Novo e Antonio Reigosa, coord.), nº 13 da colección “O San Froilán dos devanceiros”, Concello de Lugo.

-PÉREZ, Lois e REIGOSA, Antonio (2021): *Letra das festas 2011-2020. A revista oral do San Froilán*, nº 18 da colección “O San Froilán dos devanceiros”, Concello de Lugo.

Grupo de traballo:

Constituído en 2015 para dar apoio, propoñer e asesorar a sección de Literatura de Tradición Oral da AELG. As persoas que formaron parte deste grupo desde a súa constitución foron Ana Acuña, Félix Castro Vicente, Lois Pérez, Carme Pernas Bermúdez, Calros Solla, Xurxo Souto, Isidro Novo (falecido en 2018), Lois Pérez e Antonio Reigosa. Todas estas persoas atesouran longa experiencia e recoñecido prestixio nos campos da investigación, recreación e difusión da literatura de tradición oral e, en xeral, nos diferentes ámbitos da cultura popular tradicional galega.

Videoteca (resumo 2007 -2023)

- Xornadas de Literatura Oral (159 gravacións)
- ‘Polafías’ (1.320 gravacións).
- ‘Mestras e Mestres da Memoria’ (281 gravacións correspondentes a entrevistas).
- Galas Premios Mestras de Mestres da Memoria (119 gravacións)
- Letra das Festas (desde 2021) (3 gravacións)
- Faladoiros (1 gravación)

Visitantes web: 65.000.000 millóns

III.1.-Actividades da sección de literatura oral da AELG na provincia de Lugo

Neste capítulo detállanse os proxectos e actividades que desenvolveu a Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG na provincia de Lugo. Actividades que se rexistraron e dixitalizaron en vídeo para ofrecer en aberto, dunha maneira altruista, a galegas e galegos residentes en Galiza ou en calquera outra parte do mundo, así como a todas aquelas persoas investigadoras ou curiosas da nosa cultura como nós o podemos ser das culturas irmás do resto do mundo.

III.1.1.-Xornadas de Literatura de Tradición Oral

Os principais obxectivos que se perseguiron en cada unha destas xornadas foron:

- Achegar coñecementos en relación coa cultura popular tradicional.
- Facilitar un foro de reflexión para comprender e transmitir os valores da nosa cultura.
- Incidir en prácticas e coñecementos que posibiliten o desenvolvemento de habilidades en relación coa cultura popular.
- Ofrecer información especializada sobre a historia e vixencia dos temas propostos en relación coa literatura popular galega de tradición oral.
- Sensibilizar sobre a importancia da cultura transmitida por vía oral na formación das xeracións máis novas, especialmente a través do seu profesorado.

As actas de cada edición foron publicadas en papel impreso e tamén están dispoñibles en PDF en aberto na web da AELG.

Cada xornada dispón dunha videoteca en aberto coas intervencións dos relatores e relatoras participantes.

III.1.1.1.-I Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: A figura do demo na literatura de tradición oral.

Relatores: José Manuel Pedrosa, Xosé Miranda, Félix Castro Vicente, Peter Missler

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 17 de outubro de 2008.

Publicacións: Actas da 1º Xornada de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

III.1.1.2.-II Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: O mito que fascina: do lobo ao lobishome.

Relatores: Xabier P. DoCampo, Antxon Gómez Lorente, Alberte Reboreda, José Luis Garrosa Gude.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Datas: 16 e 17 de outubro de 2009.

Publicacións: Actas da II Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

III.1.1.3.-III Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Mitoloxía da morte, agoiros, ánimas e pantasmas.

Relatores: Marcial Gondar Portasany, Joan Soler I Amigó, Camiño Noia, Xoán Ramiro Cuba.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Datas: 5 e 6 de novembro de 2010.

Publicacións: Actas da III Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

III.1.1.4.-IV Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Lendas urbanas: mitos e ritos dos tempos modernos

Relatores: Luis Giadás, Xosé Miranda, José Joaquim Dias Marques, Fito Rodríguez, Celso Fernández Sanmartín.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Datas: 28 e 29 de outubro de 2011.

Publicacións: Actas da IV Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.5.-V Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Os mouros e as mouras: Máxicos enigmáticos da mitoloxía popular.

Relatores: Rafael Quintía Pereira, Alexandre Parafita, Mar Llinares García, Jesús Suárez López.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Datas: 19 e 20 de outubro de 2012.

Publicacións: Actas das V Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.6.-VI Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Historias, mitos e monstros do mar de Galicia.

Relatores: Xosé Lois Vilar Pedreira, Hixinio Puentes, Xurxo Souto, Rosa García-Orellán e Xosé Iglesias.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 9 de novembro de 2013.

Publicacións: Actas das VI Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.7.-VII Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Amuletos e reliquias. Usos e crenzas

Relatores: Rosa María dos Santos Capelão, Alfonso Blanco Torrado, Eusebio Rey Seara, Calros Solla.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 25 de outubro de 2014.

Publicacións: Actas das VII Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.8.-VIII Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Sexo e obscenidade

Relatores: Rubén Aramburu, Mini e Mero, Olga Novo, José Luis Garrosa, Xosé Miranda, Xoán Ramiro Cuba e Luís 'o Caruncho'.

Lugar de celebración: Salón de actos da Biblioteca Pública de Lugo (Lugo).

Datas: 24 de outubro de 2015.

Publicacións: Actas das VII Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.9.-IX Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Remedios, prácticas e ritos curativos da medicina popular tradicional

Relatores: María Moure, Ana Lois, Pablo Vaamonde, Ana Acuña e María del Carmen Prado Penas

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 12 de novembro de 2016.

Publicacións: Actas das IX Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.10.-X Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Palabras con memoria: topónimos, ditos, frases, nomes... con historia.

Relatores: Xulia Marqués Valea, Isidro Novo, M^a Rosario Soto Arias, Gonzalo Navaza e Marcos Escudero.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 21 de outubro de 2017.

Publicacións: Actas das VII Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.11.-XI Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: O rol da muller na literatura de tradición oral

Relatores: Camiño Noia, Estefanía A. Lodeiro Paz, Anxos Sumai, Faia Díaz Novo, Alba María e Lupe Blanco

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 27 de outubro de 2018.

Publicacións: Actas das XI Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinador/moderador: Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.12.-XII Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Rimas e letras da música popular. Do romanceiro tradicional ao bravú.

Relatores: José Luís Forneiro, Dorothe Shubarth, Xurxo Souto Eiroa, Branca Villares Naveira e alumnado e profesorado da Tradescola, Escola de Música Tradicional (Lugo)

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 26 de outubro de 2019.

Publicacións: Actas das XII Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Lois Pérez e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.13.-XIII Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: O humor na literatura de tradición oral

Relatores: Suso Lista, Quico Cadaval, Paula Carballeira, Xosé Lois González 'o Carrabouxo' e Lois Pérez.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 24 de outubro de 2020.

Publicacións: Actas das XIII Xornadas de Literatura oral + DVD resumo

Coordinadores/moderadores: Lois Pérez e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.14.-XIV Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: O medo é libre. Os mecanismos do medo na literatura de tradición oral.

Relatores: Ana Carreira, Federico Martín Nebras, Lidia Mariño, Antonio Reigosa e Benxamín Otero.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Publicacións: Actas das XIV Xornadas de Literatura oral.

Coordinadores/moderadores: Lois Pérez, Antonio Reigosa e Cesáreo Sánchez Iglesias.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.15.-XV Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Entroido. Transgresión e tradición

Relatores: Felipe-Senén López Gómez, Julio I. González Montañés, Nieves Amado Rolán, Mercedes Vázquez Saavedra e Xosé Manuel Seixas.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 22 de outubro de 2022.

Publicación: Actas das XV Xornadas de Literatura oral.

Coordinadores/moderadores: Lois Pérez e Antonio Reigosa.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.1.16.-XVI Xornada de Literatura de Tradición Oral

Tema: Das regueifas ás músicas actuais, unha travesía polos mares da canción.

Relatores: M^a Xosé Silvar “Sés”, O Leo de Matamá, Marta Veiga Izaguirre, Nuno Pico (Grande Amore) e Alba María.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Lugo).

Data: 28 de outubro de 2023.

Publicacións: Actas das XVI Xornadas de Literatura oral (sen publicar).

Coordinadores/moderadores mesas: Lois Pérez e Eva Teixeira.

Financiación: Deputación de Lugo (vicepresidencia e área de Cultura).

Colaboración: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

III.1.2.-Escola de Narración Oral

A oralidade non é só o soporte de comunicación da cultura tradicional. Como é ben sabido, hai novas formas de expresión cultural que teñen como vehículo de comunicación a oralidade. Ao longo das catro edicións, con aportes valiosísimos de todos os asistentes, fomos descubrindo aspectos da oralidade agochados na memoria de cada un de nós. Desde as lembranzas máis íntimas, persoais ou familiares, até a posibilidade de recrear a memoria colectiva dunha aldea, barrio ou vila. Desde a recuperación de nomes de persoas, rúas ou camiños, a biografía de personaxes esquecidos ou a confrontación con outras memorias e experiencias relacionadas con acontecementos históricos de máis alcance. O coñecemento e a divulgación do noso patrimonio cultural non poden renunciar á oralidade que, curiosamente, renace nestes tempos e coñece novas posibilidades grazas á tecnoloxía e aos novos modos de comunicación como é o caso de internet.

Dedicouse unha parte importante do tempo destes obradoiros a realizar exercicios de *oralización* e á recuperación de narracións esquecidas desde a infancia: sucedidos, contos, lendas, recitados, romances, coplas ... Exercitamos a memoria como o que é, o sustento imprescindible para vivir e analizamos as estruturas internas máis efectivas para o discurso oral. Elaboramos textos destinados a ser ditos e, en resume, practicamos a oralidade espíndoa de prexuízos, entendida como un patrimonio cultural *per se*, independentemente dos valores e información que nos transmite.

Obradoiros

Desenvolveronse catro obradoiros, sempre na cidade de Lugo, entre os anos 2012 e 2016. Programáronse sesións especiais ou clases maxistras a cargo de recoñecidos especialistas como Celso Fernández Sanmartín, Avelino González, Ana Carreira, Josiño da Teixeira e Paula Carballeira,

Organización: Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega).

Patrocinio: Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo.

Relatores: Isidro Novo e Antonio Reigosa.

